


ACTIVIDADES SOBRE O CONTO. COMPRENSIÓN LECTORA, VOCABULARIO...

Escoita o conto “A árbore da escola” e responde ás preguntas.



1.-Cal é o tema do conto?

2.-Quen é o protagonista da historia?

3.-Cal é o contexto no que se desenvolve a historia?

4.-Relaciona cada unha destas frases do conto coa parte do mesmo á que corresponde:

Inicio

Pola tarde, alguén puxo un valado redondo e metálico arredor da árbore, con intención de protexela.

Nó

No patio da escola había unha árbore. A Pedro gustáballe correr perto daquela árbore

Desenlace

Unha nova árbore medrou. Pero era tan pequena que durante moito tempo ningún lle fixo caso. Ata que un día unha nena fixouse nela, era moi delgada con pólas finas como de arame. Achegouse... e decidiu acariñala.

5.- Que fixo a profesora cando se deu de conta de que Pedro e os nenos coidaban e respectaban a árbore?

6.- En que corverteron a casa que construíron na árbore?

7.- Quen decidiu enviar a semente a unha escola sen árbores?

8.- Ordena as seguintes frases para reconstruír a historia do conto. Arrastra o número desde abaixo.

☐

Un día que Pedro a acarariñou unha árbore pequena do patio, á árbore brotou unha nova folla.

☐

Da árbore brotou unha semente.

☐

Despois Pedro explicoulles aos seus compañeiros que a árbore necesitaba moito cariño para medrar.

☐

Da semente naceu unha nova árbore delgada e pequena. Ata que unha nena se achegou a acariñala.

☐

A árbore convertíuse no centro da vida do patio. Todos os nenos a coidaban.

☐

Pedro non fixo caso e seguiu coidándoa e dándolle agarimo e a árbore medrou moitísimo.

☐

Entre todos decidiron enviar a semente a unha escola sen árbores.

☐

A profesora díxolle que non debía tocala.

1 2 3 4 5 6 7 8

9.- A árbore antes de recibir o cariño de Pedro era moi delgada, con pólas **finas como de arame**. Esta é unha comparación para descibir máis claramente como era de delgada. Escribe a palabra que corresponda da columna de enfronte.

É fraco coma unha _____

Araña

É alta comoa unha _____

Pan

Sempre está alegre coma un _____

Tomate

É tan falador coma unha _____

Pingas

Púxose colorado coma un _____

Torre

Parécense coma dúas _____ de auga

Elefante

Ten máis memoria ca un _____

Cascabel

É grande coma un día sen _____

Cotorra

10.- *Delgada* é o adxectivo con que se describe a árbore.

Busca ti outros adxectivos nesta lista.

Recorda que o adxectivo indica como é ou como está unha persoa, animal, lugar ou cousa (p.e indican tamaño, cor, forma, etc)

escola
alegre
bonito

grande
árbore
verde

fraco
estranho
alta

cantar
cálido
raices